



chiu  
**Longina**  
longina.com  
sinsaludio.com  
ifi2003.com

**LG**

## Longina\_SoundScapes **PARACUSIA** Dvd.video

[...] Os sons non son só símbolos, son actos [...] (1\*)

[...] Só observo que nas máis sofisticadas presentacións, os erros tenden a ser máis interesantes para a audiencia co éxito. [...] (2\*)

O audio. Linguaxe sen significado, simple e obscuro significante. Enigma indescifrábel. Pensamento exento de imaxes e de imaxinario. Poder subversivo, animal indomable. Línea de tempo real.

Sin intención, análise ou reflexión, a laptop-music é significante, carece de significado. Autoxestiónase e auto-explicase, non se apoia en acontecementos exteriores porque non os necesita; é pois, autosuficiente. É unha conclusión histórica, popular. Mantén un diálogo íntimo e contractual co oído dos seres vivos e o seu hábitat é o dispositivo portátil, o "Sound System". É unha consecuencia do avance tecnolóxico, que tampouco é condicionante, só inherente. Créase en silencio e consúmese en silencio. Hule das trampas da linguaxe e discorre libre e espontaneamente, narra o presente, obvia as perversións do discurso cultural e non triunfa porque busca o encontro constantemente. Non depende do senso da harmonía, en realidade non o necesita xa que hule dos academicismos e as leis musicais. Inventa tonos e modos creando novos discursos e linguaxes manipulando o audio como materia plástica e tridimensional; tanxible. Escultura sónica ou plasticidade auditiva. Non escoita; filtra, rexenera, reconduce, aprópíase. Comparte os postulados de Cage "a música é Organización de Son" (3\*) (introducido por Edgar Varèse), mais, ampliando e actualizando esta definición, a laptop music asume a intelectualidade da escoita e a súa gramatización. Quere circular, correr polo espacio e enchelo todo, apropiarse de todo.

### **Emparexados**

Do SUNRISE ó IFI/de LONGWICK a FRECUENCIAS HZ/do FLYER ó SMS/de M.A.R.R.S "PUMP UP THE VOLUME" (SAMPLEDELIA 1) a AKUFEN/de M.A.R.R.S a ABLETON LIVE!/de AMNESIA a ZEPPELIN/de BALEARIC BEATS a BOOTGLESS/do FAIRLIGHT ó HALION/de A GUY CALLED GERALD a VLADISLAV DELAY/de RHYTHM KING a MILLE PLATEAUX/dos NEW AGE TRAVELLERS-CRUSTIES ós FREELANDS DESIGNERS/da CRIMINAL JUSTICE BILL á BSA/da EMPATIA á ESQUIZOFRENIA/de CHARLY (PRODIGY) a MISS KYTIN/.

(1\*) Barber, Llorenç: "Los dioses muertos", en Revista de Occidente, Nº 151 (Madrid, diciembre 1993). Pp. 27-46

(2\*) Zicarelli, David. (Citado por) Kim Cascone *La Estética del Error*, <http://www.ccapitalia.net> (última consulta: novembro 2002).

(3\*) "Composition as Process, III", *Silence*, op. cit., p.51; *For the Birds*, op. cit., p. 115; "How to Pass, Kick, Fall, and Run", *A Year from Monday*, op. cit., p. 134.